



XUNTA
DE GALICIA

Galicia
inverte no
RURAL



MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA E O CONCELLO DE CATOIRA PARA A CELEBRACIÓN DA ROMARÍA VIKINGA 2016

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar co Concello de Catoira e Abanca Corporación Bancaria S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 15 de outubro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

Establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o concello de Catoira para a o apoio á celebración Romaría Vikinga de Catoira 2016 por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por este evento, fan que esta acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega, vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

A primeira Romaría Vikinga de Catoira ten lugar en 1961, os habitantes desta localidade disfrazados de guerreiros vikingos representan o ataque pirata á vila.

A celebración da festa ten lugar nas Torres do Oeste, declarado monumento histórico artístico, formado por un conxunto fortificado do século IX que son os restos de dúas torres e unha ermida dedicada ao Apóstolo Santiago. Neste lugar instálase un mercado medieval e logo escenifícase un desembarco vikingo no que tres naves vikingas e uns 120 guerreiros rememoran os ataques á Catoira perpetrados polos normandos. Ao bordo das réplicas das naves vikingas do século XI chegan os invasores e os habitantes da vila intentan resistir producíndose unha batalla que remata cos participantes empapados en viño.

//ABANCA

RuralEs
Programa de Desarrollo Rural Sostenible

As actividades incluídas na programación da festa teñen unha repercusión mediática e unha afluencia de público que trascende as nosas fronteiras tanto rexionais como estatais.

Á vista do anterior ambas entidades estiman adecuado a participación na organización da celebración da Romaría Vikinga que se desenvolverá entre o 27 de xullo e o 7 de agosto de 2016 por tratarse dunha cita consolidada na península ibérica que contribúe a divulgación, fomento e difusión do turismo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que o concello de Catoira, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Romaría Vikinga 2016 .

A Romaría Vikinga é unha festa popular de marcado carácter cultural. Está celebración xunta unha ampla programación de actividades formativas e culturais que comezan unha semana antes do Desembarco e complementan a vertente máis lúdica da festa.

No ano 2002 acada a categoría de Festa de Interese Turístico Internacional.

O concello de Catoira é a única entidade organizadora desta festa. Este concello, ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo e esta celebración é o evento mais axeitado para dar a coñecer o recursos turísticos da nosa comunidade

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e



XUNTA
DE GALICIA

Galicia
inviste no
RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

galicia

programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Terceiro .- Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarto.- Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, figura a aplicación 04.A2.761A.760.1 “Axudas a festas de interés turístico”, código de proxecto 2015 00004 “Plan de zonas rurais”, dotada con fondos propios da Comunidade Autónoma.

Quinto.- Que ABANCA se compromete a colaborar economicamente no desenvolvemento da Festa da Romaría Vikinga de Catoira .

Sexto.- A través deste convenio, outórgase ao Concello de Catoira unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

//ABANCA

RuralEs
Programa de Desarrollo Rural Sostenible